



DATOS IDENTIFICATIVOS

Prácticas externas: Practicum

Materia	Prácticas externas: Practicum			
Código	P02G120V01981			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	48	OB	4	An
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a				
Profesorado				
Correo-e				
Web				

Descrición xeral O artigo 2 do Real Decreto 1707/2011, de 18 de novembro, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, define estas como
 [...] unha actividade de natureza formativa realizada polos estudantes universitarios e supervisada polas Universidades, cuxo obxectivo é permitirles aos mesmos aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que os preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento[.]

O Real Decreto mencionado establece no seu artigo 3 que coa realización das prácticas académicas externas se pretenden alcanzar os seguintes fins:

- Contribuír para a formación integral dos estudantes complementando a súa aprendizaxe teórica e práctica.
- Facilitar o coñecemento da metodoloxía de traballo adecuada á realidade profesional na que os estudantes han operar, contrastando e aplicando os coñecementos adquiridos.
- Favorecer o desenvolvemento de competencias técnicas, metodolóxicas, persoais e participativas.
- Obter unha experiencia práctica que facilite a inserción no mercado de traballo e mellore a súa empregabilidade futura.
- Favorecer a innovación e creatividade e o emprendemento.

Competencias de titulación

Código	
A1	Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación interdisciplinar entre elas, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos
A2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.
A3	Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües. Fomentar a lectura e o comentario crítico de textos dos diversos dominios científicos e culturais contidos no currículo escolar
A4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá
A5	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela, resolver problemas de disciplina e contribuír á resolución pacífica de conflitos. Estimular e valorar o esforzo, a constancia e a disciplina persoal nos estudantes
A6	Coñecer a organización dos colexios de educación primaria e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Desempeñar as funcións de titoría e de orientación cos estudantes e as súas familias, atendendo as singulares necesidades educativas dos estudantes. Asumir que o exercicio da función docente ha de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
A7	Colaborar cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social. Asumir a dimensión educadora da función docente e fomentar a educación democrática para unha cidadanía activa
A8	Manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións sociais públicas e privadas
A9	Valorar a responsabilidade individual e colectiva na consecución dun futuro sustentable

A10	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes
A11	Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir selectivamente a información audiovisual que contribúa ás aprendizaxes, á formación cívica e á riqueza cultural
A12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación primaria e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Capacidade de organización e planificación
B3	Comunicación oral e escrita
B4	Coñecemento dunha lingua estranxeira
B5	Coñecementos de informática
B6	Capacidade de xestión da información
B7	Resolución de problemas
B8	Toma de decisións
B9	Traballo en equipo
B10	Traballo nun contexto internacional
B11	Habilidades nas relacións interpersoais
B12	Recoñecemento da diversidade e da multiculturalidade
B13	Razoamento crítico
B14	Compromiso ético
B15	Aprendizaxe autónoma
B16	Adaptación a novas situacións
B17	Creatividade
B18	Lideranza
B19	Coñecemento doutras culturas e costumes
B20	Iniciativa e espírito emprendedor
B21	Motivación pola calidade
B22	Sensibilidade por temas ambientais

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
1. Coñecer a organización dos colexios de educación primaria e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento	A6	
2. Diseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro onde se realizan as prácticas escolares	A2	B1 B2 B9 B11
3. Diseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade lingüística e cultural. Valorar positivamente a diversidade de todo tipo, respectar outras maneiras de ver o mundo, e xestionar con creatividade as interaccións multiculturais para enriquecerse mutuamente	A4 A9	B2 B10 B11 B16 B17 B19
4. Promover a competencia comunicativa, con especial atención á comunicación verbal, facendo da palabra o medio fundamental da aprendizaxe e da convivencia	A5 A9	B2 B3 B4 B9 B11 B12 B19
5. Potenciar a competencia participativa dende a empatía, a sociabilidade, o tacto e a actitude cooperativa nas relacións interpersoais	A2 A4 A9	B9 B11 B12 B14 B19
6. Fomentar a convivencia na aula e fóra dela, resolver problemas de disciplina e contribuír á resolución pacífica de conflitos	A5	B3 B7 B8 B9 B12 B14 B19

7. Recoñecer as implicacións educativas das tecnoloxías da información e da comunicación	A2 A11	B1 B5 B6 B7 B8 B9 B16
8. Progresar na competencia persoal dende a asunción de responsabilidades, toma de decisións e relativización das posibles frustracións	A2 A3 A4 A9	B1 B2 B3 B6 B7 B8 B9 B11 B14 B16 B21
9. Asumir que a competencia profesional do mestre ha de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida	A6	B8 B13 B14 B15 B16 B21
10. Coñecer e analizar o sistema escolar do centro no que se realizan as prácticas escolares, así como adquirir un coñecemento práctico da aula e da xestión desta.	A1 A2 A4 A6 A7	B1 B2 B12 B13 B14 B19 B21
11. Controlar e facer o seguimento do proceso educativo e en particular o de enseñanza/aprendizaxe mediante o coñecemento dos proxectos educativos, o funcionamento do centro e a organización das aprendizaxes	A1 A2 A4 A6 A10 A12	B1 B2 B9 B13 B14 B16
12. Observar e analizar con profundidade a formación e o establecemento de rutinas na vida cotiá, a continuidade e evolución das actividades da aula, e a progresión nos aprendizaxes	A1 A2 A3 A4 A7 A8 A9 A10 A12	B1 B8 B9 B13 B14
13. Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación na aula e dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima de aula que facilite o aprendizaxe e a convivencia	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12	B1 B2 B3 B4 B8 B9 B11 B14 B16 B19 B21
14. Regular os procesos de interacción e comunicación en grupos de estudantes 6-12 anos	A5 A6 A7	B4 B9 B10 B11 B12 B16 B19 B21

15. Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro mediante o establecemento de relacións entre os coñecementos especializados, teóricos e metodolóxicos, e os resultados da observación, análise e intervención nas situacións educativas da escola na que se realizan as prácticas	A1	B1
	A2	B2
	A3	B3
	A4	B4
	A5	B5
	A6	B6
	A7	B7
	A8	B8
	A9	B9
	A10	B10
	A11	B11
	A12	B12
	B13	
	B14	
	B15	
	B16	
	B17	
	B18	
	B19	
	B20	
	B21	
	B22	
16. Interpretar e reflexionar sobre as observacións e/ou intervencións na aula mediante sesións de clase semanais organizadas polo profesor-coordinador da facultade	A1	B1
	A2	B2
	A3	B3
	A6	B5
	A7	B6
	A8	B7
	A10	B8
	A12	B9
		B13
		B14
	B15	
	B21	
17. Aproximarse e participar na realidade do día a día da actividade docente, e aprender a saber facer, actuando e reflexionando dende a práctica	A1	B1
	A2	B2
	A3	B3
	A4	B4
	A5	B5
	A6	B6
	A7	B7
	A8	B8
	A9	B9
	A10	B10
	A11	B11
	A12	B12
		B13
		B14
	B15	
	B16	
	B17	
	B18	
	B19	
	B20	
	B21	
	B22	
18. Participar nas propostas de mellora e innovación nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer nun centro	A1	B8
	A9	B9
	A10	B16
		B21
19. Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e do ámbito social	A7	B8
	A8	B9
	A9	B11
	A12	B13
		B14
		B16
	B21	

Contidos

Tema

1. Observación e análise da realidade escolar e do contexto físico, socioeconómico, cultural e lingüístico
2. Interacción e comunicación no ámbito educativo
3. A planificación educativa na escola na etapa de educación primaria. Identificación, selección e discusión de técnicas e estratexias para a xestión e o control da aula
4. A intervención docente do estudante en prácticas. Deseño e desenvolvemento de estratexias e recursos educativos para o ensino en áreas instrumentais e de contidos específicos
5. Deseño, realización e avaliación de intervencións educativas en relación co itinerario de especialización do estudante de prácticas
6. Análise e valoración crítica do proceso de ensino e aprendizaxe na aula dende os marcos teóricos e metodolóxicos ofrecidos polas outras materias

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Foros de discusión	0	25	25
Debates	25	0	25
Prácticum	600	0	600
Informes/memorias de prácticas	0	550	550

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Foros de discusión	As titorías semanais, individuais e colectivas, con o coordinador e os titores da Universidade servirán de asesoramento aos estudantes. Analizaranse e valorarán os datos observados á luz das competencias técnicas adquiridas nas outras materias e propoñeranse directoras para desenvolver novas tarefas
Debates	A presentación de experiencias e reflexións realizadas durante as estanzas no centro escolar e o intercambio de criterios entre os estudantes de prácticas servirán para compartir experiencias e para contrastar a propia visión de a realidade educativa
Prácticum	O núcleo formativo fundamental do Practicum se desenvolverá mediante a participación no proceso de ensino e aprendizaxe do aula de Primaria asignada (xeralista e de especialidade, se é o caso). O alumno de prácticas participará nas reunións dos equipos educativos dos que forme parte e colaborará nos proxectos de innovación e nas actividades extraescolares que o centro desenvolva. Así mesmo asistirá a todas as reunións e actividades organizadas para que os estudantes en prácticas coñezan en profundidade a realidade educativa a Educación Primaria

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticum	O alumnado terá unha titorización académica que facilitará na medida do posible o desenvolvemento óptimo do Practicum. Asemesmo, tamén contará cunha titorización no centro de prácticas.
Foros de discusión	O alumnado terá unha titorización académica que facilitará na medida do posible o desenvolvemento óptimo do Practicum. Asemesmo, tamén contará cunha titorización no centro de prácticas.
Debates	O alumnado terá unha titorización académica que facilitará na medida do posible o desenvolvemento óptimo do Practicum. Asemesmo, tamén contará cunha titorización no centro de prácticas.
Probas	Descrición
Informes/memorias de prácticas	

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Prácticum	Informe da titora ou titor do centro, segundo o protocolo correspondente	50
Informes/memorias de prácticas	Asistencia e avaliación das reunións e outras actividades programadas	50
Memoria de Prácticas		

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. A titora ou titor académico da universidade avaliará as prácticas desenvolvidas polos estudantes de conformidade cos criterios e fontes de información sinalados.
2. Para superar a materia do Prácticum o estudante deberá acadar o aprobado en cada un dos criterios de avaliación establecidos nos informes, tanto do titor/a do centro escolar como do titor/a académico.
3. A titora ou titor do centro escolar, como indica o art. 13 do Real Decreto 1707/2011, de 18 de Novembro, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, realizará e remitirá ao titor/a académico da Universidade a avaliación final. 4. Para facilitar o proceso de avaliación, antes do inicio das prácticas, o coordinador/a do Prácticum remitiralle ao centro escolar a folla de avaliación na que se reflectan as diferentes competencias obxecto de mesma.

Particularmente, no tocante á Memoria de Prácticas, sinalar:

1. A Memoria das prácticas desenvolverase consonte o establecido no art. 14 do Real decreto 1707/2011, de 18 de Novembro.
2. A través da guía docente, así como por outro tipo de orientacións, a Comisión de Prácticas establecerá anualmente as recomendacións precisas para unha correcta elaboración da Memoria.
3. Para facilitar o proceso de avaliación cada titor ou titora contará coa correspondente folla de avaliación.

Bibliografía. Fontes de información

Normativa de referencia:

- Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzaas universitarias oficiais.
- Memoria do Título de Grao Infantil: <http://webs.uvigo.es/feduc/index.php?id=159,555,0,0,1,0>
- Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, que modifica o R. O 1393/2007, do 29 de outubro.
- ORDE ECI/3857/2007, de 27 de decembro na cal se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Mestre en Educación Primaria/Infantil
- Real Decreto 1707/2011, de 18 de novembro, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, así como os dereitos e deberes tanto de titores/as como de estudantes.
- Normativa del Practicum del Grado de Educación Primaria de la Facultad de Ciencias de la Educación y del Deporte

Referencias bibliográficas:

- CEBRIÁN DE LA SERNA, M. Y MONEDERO MOYA, J. J. (2009). El e-portfolio y la e-rúbrica en la supervisión del practicum. En M. RAPOSO RIVAS, M. E. MARTÍNEZ FIGUEIRA, L. LODEIRO ENJO, J. C. FERNÁNDEZ DE LA IGLESIA y A. PÉREZ ABELLÁS (coord.), El practicum más allá del empleo: formación vs training (369-380). Santiago de Compostela: Imprenta universitaria.
- CID SABUCEDO, A., DOMÍNGUEZ PRIETO, E. y RAPOSO RIVAS, M. (1998). La práctica reflexiva como medio de construcción del pensamiento práctico de tutores y tutorandos. En M. A. ZABALZA BERAZA (ed.), Los tutores en el practicum: Funciones, formación y compromiso institucional (219-234). Pontevedra: Diputación Provincial de Pontevedra.
- GARCÍA FERNÁNDEZ, A. (2006). La tutoría y la relación profesor-alumno en la formación para la inserción laboral. Revista de Educación (Madrid), 341, 197-211.
- GUTIÉRREZ CUENCA, L., CORREA GOROSPE, J. M., JIMÉNEZ DE ABERASTURI APRAIZ, E. y IBÁÑEZ ETXEBERRIA, A. (2009). El modelo reflexivo en la formación de maestros y el pensamiento narrativo: estudio de un caso de innovación educativa en el Practicum de Magisterio. Revista de Educación (Madrid), 350, 493-505.

- IGLESIAS FORNEIRO, M. L. (2005). La tecnología audiovisual al servicio del practicum: el vídeo y la fotografía digital. En L. IGLESIAS FORNEIRO, M. A. ZABALZA BERAZA, A. CID SABUCEDO y M. RAPOSO RIVAS (coord.), El practicum como compromiso institucional: los planes de prácticas (1211-1214). Santiago: Unidixital.
- LATORRE MEDINA, M. J. (2007). El potencial formativo del practicum: cambio en las creencias que sobre la enseñanza práctica poseen los futuros maestros. *Revista de Educación (Madrid)*, 343, 249-273.
- LOBATO FRAILE, C. (ed.) (1996). *Desarrollo profesional y prácticas/practicum en la universidad*. Bilbao: Servicio Editorial de la Universidad del País Vasco.
- MARTÍNEZ FIGUEIRA, M. E. (2010b). Ser tutor, ¿Cuestión de personalidad o de profesionalidad?. *Revista Educativa de Orientación y Psicopedagogía*, 21 (3), 1-6.
- MOLINA RUIZ, E., IRANZO GARCÍA, P., LÓPEZ LÓPEZ, M. C. y MOLINA MERLO, M. A. (2008). Procedimientos de análisis, evaluación y mejora de la formación práctica. *Revista de Educación (Madrid)*, 346, 335-361.
- RAPOSO RIVAS, M. (2002). Contribuciones de las Tecnologías de la Información y la Comunicación al desarrollo del practicum de futuros docentes. En L. IGLESIAS FORNEIRO, M. A. ZABALZA BERAZA, A. CID SABUCEDO y M. RAPOSO RIVAS (coord.), *Desarrollo de competencias personales y profesionales en el practicum (1-21)*. Lugo: Unicopia.
- RAPOSO RIVAS, M. y SARCEDA GORGOSO, M.C. (2007). La integración de las TIC en la supervisión del Practicum. En A. CID SABUCEDO, M. MURADÁS LÓPEZ, M. A. ZABALZA BERAZA, M. GONZÁLEZ SANMAMED, M. RAPOSO RIVAS y L. IGLESIAS FORNEIRO (coord.), *Buenas prácticas en el practicum (1091-1101)*. Santiago de Compostela: Imprenta universitaria.
- SCHÖN, D.A. (1992). *La formación de profesionales reflexivos. Hacia un nuevo diseño de la enseñanza y el aprendizaje en las profesiones*. Barcelona: Paidós-MEC.
- ZABALZA BERAZA, M. A (1989). Teoría de las Prácticas. La formación práctica de los profesores. En M. A. ZABALZA BERAZA (coord.), *Actas del II Symposium sobre prácticas escolares (15-40)*. Pontevedra: Diputación Provincial de Pontevedra.
- (2004). Condiciones para el desarrollo del practicum. En *Profesorado, Revista de curriculum y formación del profesorado*, 8 (2), 1-22.
- (2005). El aprendizaje experiencial como marco teórico para el Practicum. En L. IGLESIAS FORNEIRO, M. A. ZABALZA BERAZA, A. CID SABUCEDO y M. RAPOSO RIVAS (coord.), *El practicum como compromiso institucional: los planes de prácticas (19-34)*. Santiago: Unidixital.
- (2007). Buenas prácticas en el practicum: bases para su identificación y análisis. En A. CID SABUCEDO, M. RAPOSO RIVAS y A. PÉREZ ABELLÁS, *El practicum: buenas prácticas en el Espacio Europeo de Educación Superior (7-34)*. Santiago: Tórculo.
- ZEICHNER, H. (1993). *A formação reflexiva de professores: ideias e práticas*. Lisboa: Educa.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Traballo de Fin de Grao/P02G120V01991

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Traballo de Fin de Grao/P02G120V01991

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Educación: Deseño e desenvolvemento do currículo da educación primaria/P02G120V01201

Educación: Fundamentos didácticos e organizativos do ensino/P02G120V01101

Educación: Novas tecnoloxías aplicadas á educación primaria/P02G120V01202

Educación: Teoría e historia da educación/P02G120V01102

Historia: Historia do presente/P02G120V01203

Psicoloxía: Prevención e tratamento das dificultades de aprendizaxe e os trastornos do desenvolvemento/P02G120V01204

Psicoloxía: Psicoloxía da educación: Procesos de aprendizaxe escolar/P02G120V01205

Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento de 6 a 12 anos/P02G120V01103

Socioloxía: Sociedade, cultura e pensamento/P02G120V01104

Socioloxía: Socioloxía da educación/P02G120V01105

Aprendizaxe e desenvolvemento da motricidade na educación primaria/P02G120V01301

Ciencias experimentais/P02G120V01302

Didáctica das artes plásticas e visuais/P02G120V01401

Didáctica das ciencias experimentais I/P02G120V01402
Expresión e linguaxe musical/P02G120V01403
Xeografía/P02G120V01305
Lingua española/P02G120V01303
Lingua galega/P02G120V01404
Matemáticas e a súa didáctica I/P02G120V01304
Matemáticas e a súa didáctica II/P02G120V01405
Agrupacións instrumentais para a escola primaria/P02G120V01921
Didáctica da lingua e literatura: Español/P02G120V01506
Didáctica da lingua e literatura: Galego/P02G120V01501
Didáctica das ciencias experimentais II/P02G120V01502
Didáctica das ciencias sociais/P02G120V01503
Educación ambiental para o desenvolvemento/P02G120V01901
Educación artística/P02G120V01902
Educación física e a súa didáctica na educación primaria/P02G120V01601
Ética e deontoloxía profesional/P02G120V01903
Innovación e investigación didáctica/P02G120V01504
Lingua francesa e a súa didáctica/P02G120V01505
Lingua inglesa e a súa didáctica/P02G120V01507
Lingua e literatura: Español/P02G120V01603
Lingua e literatura: Galego/P02G120V01602
Novas tecnoloxías para a educación musical en primaria/P02G120V01925
Técnica vocal e práctica coral/P02G120V01926
Expresión corporal e danza/P02G120V01928
Introdución ao feito relixioso e ao cristián/P02G120V01908
Literatura infantil e xuvenil/P02G120V01910
Música nas culturas/P02G120V01927

Outros comentarios

Observacións sobre as competencias:

Seleccionáronse para priorizar algunhas das competencias xerais ou transversais máis relevantes para o Practicum, e modificouse levemente a formulación das competencias específicas da ORDE ECI/3857/2007, ou especificáronse algunhas outras, para facilitar a concreción do sistema de avaliación na guía docente propiamente dita en forma de resultados aínda máis concretos.
